José Luis Ferro Iglesias na data 20/07/2022 21:19:43

Gómez Salgado, Carlos na data 20/07/2022 21:19:57

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/07/2022 21:20:06

Rodríguez Pérez, Moisés na data 20/07/2022 21:20:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG número 53 do 18 de marzo de 2021 recolle a RESOLUCIÓN do 10 de marzo de 2021 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER, do 10 de marzo de 2021, polo que se modifica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014 2020 (PDR) (código de procedemento MR701D).

Este acordo do Consello de Dirección de AGADER , para o cal se modifican no seu anexo I (bases reguladoras) varias letras, a que nos ocupa está na letra b e modifica o anterior artigo 36

"b) Engádeselle un número 3 ao artigo 36, coa seguinte redacción:

«3. Sen prexuízo do disposto nos números 1 e 2 deste artigo, tamén serán subvencionables os investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria». "

Esta modificación así se trasladou ao PDR que se vai aprobar. E isto foi acompañado da suxestión aos GDRs para cambiar as súas estratexias e baremos para poder subvencionar proxectos de produción agraria dentro do ámbito da LRTA e as súas aldeas modelo.

Na práctica o que supón é a derivación de fondos Leader para financiar a LRTA que non contaba con memoria económica algunha incluído o financiamento para crear as aldeas modelo, proxecto estrela da Consellería do medio rural e cun resultado indeterminado a día de hoxe.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Valorou o Goberno da Xunta o impacto que pode ter detraer dos fondos Leader diñeiro para subvencionar a LRTA e as aldeas modelo, que é sen dúbida un macroproxecto, ou unha multitude de macroproxectos, que ademais contravén o espírito e a finalidade destes fondos?

. Ten feita o goberno da Xunta algunha avaliación das aldeas modelo que xa están funcionando?

. De ser así, van facer unha exposición pública dos resultados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. De non ser así, como é posible que se comprometan fondos que de seguro ían prestar servizo a outros proxectos igual máis rendibles ao ser máis pequenos, sen ter unha estimación de posibles resultados?

. Non lles parece que esta decisión merecería estar precedida dun estudo exhaustivo da viabilidade e cuantificación dos proxectos que recolle a LRTA?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/07/2022 09:09:44

María González Albert na data 21/07/2022 09:09:48

María del Carmen Aira Díaz na data 21/07/2022 09:09:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

competencias en linguas estranxeiras.

O que prometía ser unha ilusionante oportunidade para a aprendizaxe en Canadá, Reino Unido, Francia e Portugal, converteuse nunha frustrada ocasión perdida para este alumnado ao lle comunicar a Xunta, de forma repentina e con toda a organización en marcha, a suspensión do programa de aprendizaxe de linguas no estranxeiro ao ficar deserta a prestación deste servizo no proceso de adxudicación.

O alumnado beneficiario e xa admitido nesta convocatoria denuncia a falta de información e transparencia sobre este proceso por parte da Consellería nos últimos meses até finais de xuño en que se fixo pública a suspensión do programa de viaxes sen máis explicación ás familias afectadas.

Resulta inaceptábel que esta falta de planificación e organización por parte da Xunta non sexa asumida cunha resolución alternativa de forma inmediata e que se pretenda responder anunciando unha reserva de prazas para este alumnado na convocatoria do ano 2023.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión
4ª :

Comprométese o goberno da Xunta a ofrecerlle, dentro deste ano 2022, unha alternativa formativa equivalente para o alumnado de bacharelato beneficiario da convocatoria de viaxes de mellora da competencia en linguas estranxeiras en Canadá, Reino Unido, Francia e Portugal?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2022 09:58:29

Daniel Castro García na data 21/07/2022 09:58:33

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2022 09:58:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o soterramento parcial da avenida Otero Pedraio de Ourense para a integración do Campus Universitario na cidade de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crecemento da cidade de Ourense, en moitos casos sen unha plena planificación global, provoca que na actualidade existan importantes infraestruturas de comunicación que dividan e separen distintos barrios do resto da cidade.

Así o trazado actual das vías de ferrocarril pola cidade de Ourense supoñen unha separación entre, p.e. os barrios da Ponte, As Lagoas, Barrocás... do resto da cidade. A desexable unión de tan importantes e populosos barrios e a súa definitiva integración co resto da cidade está pendente da execución dunha variante exterior, tantas veces negada polo Partido Popular, e da após máis de 30 anos, aínda fican pendentes de licitación os treitos máis importantes (conexión Seixalbo-Seixalbo; Seixalbo-túnel de Montealegre e túnel de Montealegre-estación) para que a integración do AVE na cidade sexa unha realidade.

Na mesma liña de integración e ordenación da cidade de Ourense nas últimas décadas do século XX prantexarase a necesidade do soterramento da avenida Otero Pedraio (estrada OU-536) para eliminar a división do propio Campus Universitario, con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centros e servizos separados por uns dos principais redes viarias de entrada a Ourense, e tamén coa propia trama urbana da cidade.

Como tantos outros proxectos e anuncios para Ourense, todo quedou en nada.

Non foi ate o ano 2008 cando a Universidade, o Concello de Ourense e a hoxe extinta Caixanova, asumiron a necesidade de abordar seriamente a necesidade da integración do campus na cidade, potenciando a relación de Ourense coa súa Universidade, tanto no urbanístico, como o social, o cultural e o económico.

O proxecto daquela presentado, certamente ambicioso, contemplaba o soterramento da avenida Otero Pedraio, dende a intersección coa Rodríguez Castelao ate a confluencia coas rúas Igrexas Alvariño, Rabaza, Torres e Trebo, a construción dun aparcamento subterráneo, dun tranvía, dun centro comercial, hoteis, vivenda protexida e de edificacións destinadas á investigación, gardería e reunións.

A falla de compromiso da Xunta de Galiza con Ourense implicou que este proxecto financiado por Caixanova ficara, como outros moitos, no esquecemento. Calquera das iniciativas contidas no proxecto, perfectamente escindíbeis, precisaban, en opinión do Partido Popular, un investimento excesivo para Ourense.

O concelleiro de urbanismo de Ourense cifraba en 14 millóns de euros o custe do soterramento da Avenida Otero Pedraio no treito proxectado. Esta actuación que por si soa, melloraría considerablemente a seguridade viaria nunha zona de importante transito peonil e pola que circulan diariamente unha media de 14.000 vehículos, por conformar unha das principais vías de entrada na cidade e que conecta esta cos polígonos industriais da contorna, urbanizacións residenciais e con numerosos concellos e núcleos de poboación económica e socialmente vencellados coa cidade de Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao longo destes anos numerosos colectivos e axentes sociais veñen reclamando a necesidade de abordar a obra de soterramento no treito antes sinalado da avenida Otero Pedraio, algo que tamén foi demandado por a práctica totalidade das organizacións políticas con representación na Institución Local ourensá, agás o Partido Popular que durante os moitos anos transcorridos evidenciou unha posición variable, entre a tibieza e o obstrucionismo, e sempre de falla de compromiso cos proxectos transformadores da cidade de Ourense.

Como proba do anterior -por se fixera falla demostrar a ausencia de compromiso do Partido Popular con Ourense – foi a reforma realizada pola Xunta de Galiza na que investindo máis dun 1,738 M€ limitouse á construción de dúas glorietas, a instalación de semáforos e a mellorar a iluminación. Unha intervención, cualificada por persoas próximas ao Partido Popular de “reformita low cost”, que de facto implicaba a renuncia a un proxecto transformador, de integración e cohesión da cidade, e de acondicionala para que a futura chegada do AVE supoña unha oportunidade para Ourense.

A anunciada adquisición pola Xunta de Galiza dunhas parcelas no barrio das Lagoas, supostamente para a construción dun edificio administrativo destinado a albergar a totalidade das dependencias da Xunta na cidade de Ourense, que implicará unha necesaria reordenación e acondicionamento do espazo ao que es refire a iniciativa, é o momento acaído para a realización do soterramento viario tan necesario para a cidade e tan demandado pola cidadanía de Ourense.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Realizou a Xunta de Galiza, durante os últimos 5 anos, algún estudo sobre a viabilidade do soterramento parcial da Avenida Otero Pedraio en Ourense?

. Recibiu algunha solicitude da alcaldía do Concello de Ourense para a reordenación do espazo da avenida Otero Pedraio que contemplara o soterramento viario?

. Considera que o soterramento do vial tería un custe aproximado de 14 m€ ou esa é unha estimación infundada do concelleiro de urbanismo de Ourense?

. Considera acaída a separación actualmente existente entre as diferentes facultades e servizos universitarios do Campus de Ourense?

. Entende que sería positivo para a cidade a total integración do campus na cidade de Ourense?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/07/2022 10:10:09

Noa Presas Bergantiños na data 21/07/2022 10:10:20

Alexandra Fernández Gómez na data 21/07/2022 10:10:28

Paulo Ríos Santomé na data 21/07/2022 10:10:36

Xosé Luis Bará Torres na data 21/07/2022 10:10:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sentenza do Tribunal Supremo do 26 de xaneiro de 2022, que se fixo pública o pasado 16 de febreiro, condena á Xunta a pagar parte da multa imposta polo Tribunal de Xustiza da UE a España polo incumprimento da directiva relativa ao tratamento e xestión das augas residuais.

No ano 2011, o citado tribunal certificara o incumprimento da normativa en varias vilas e cidades galegas, entre elas Vigo, Ribeira e Santiago. No ano 2018, logo das explicacións e xustificacións do Estado español, o tribunal impuxo unha multa de 12 millóns de euros e multas sucesivas polos incumprimentos até un total de 34 millóns de euros.

En marzo de 2020, o goberno central acordou en Consello de Ministros repercutir parte deses 34 millóns xa retidos polas autoridades europeas nas administracións competentes e corresponsábeis do incumprimento da normativa europea. No caso de Galiza, correspondía pagar 4 millóns de euros polo retraso no saneamento e depuración das augas de Vigo e Ribeira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta presentou recurso contra este acordo no contencioso-administrativo diante do Tribunal Supremo. E este tribunal vén de desestimar os argumentos da Xunta xa que en virtude do establecido no artigo 11 da lei 9/2010 de augas de Galiza o goberno galego declarou estas actuacións de interese da comunidade autónoma mediante acordo do Consello da Xunta. Eran polo tanto obras da súa competencia a todos os efectos.

Cómpre ter en conta que a Xunta manobrou para intentar que a responsabilidade do pagamento das multas recaese nos concellos de Ribeira e Vigo, mais esta tentativa fracasou porque os argumentos do goberno galego foron desestimados polo Supremo.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que razón a Xunta adiou a solución aos problemas de saneamento e depuración de varias vilas e cidades galegas nas que había un incumprimento da normativa comunitaria en materia de saneamento e depuración de augas residuais?

Existen outras vilas e cidades nas que se estea incumprindo a normativa comunitaria e haxa abertos expedientes que poidan derivar en novas sancións?

Que procedementos de investigación e sanción seguen o seu curso en relación coa mala calidade das augas das rías galegas?

Por que razón a Xunta intentou facer repercutir o pagamento das multas nos concellos de Ribeira e Vigo?

Que valoración fai o goberno galego da súa xestión neste ámbito e da situación da calidade das augas nas zonas urbanas e rurais, dos ríos e rías galegas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para conseguir a mellora xeral do saneamento e depuración nos núcleos urbanos, ríos e rías galegos?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/07/2022 10:12:13

Alexandra Fernández Gómez na data 21/07/2022 10:12:18

Rosana Pérez Fernández na data 21/07/2022 10:12:25

María do Carme González Iglesias na data 21/07/2022 10:12:32

Iria Carreira Pazos na data 21/07/2022 10:12:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Daniel Castro García e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de novembro de 2020 o TSXG anulou o parque eólico Sasdónigas, situado nos concellos de Mondoñedo e Abadín, por considerar que non se avaliara correctamente o seu impacto sobre o medio natural e o patrimonio cultural, xa que a Xunta non realizou unha declaración de impacto ambiental conxunta de dous parques e polo tanto non se avaliou axeitadamente a súa repercusión no patrimonio arqueolóxico, no Camiño de Santiago e no sistema hídrico que incluía dúas lagoas entre outros recursos.

O TSXG considerou insuficiente a avaliación ambiental posto que se levou a cabo unha división artificial dun proxecto en dúas fases, cando debería facerse unha avaliación ambiental conxunta. O Tribunal refírese a “unha práctica fraudulenta cando se pretende evitar a avaliación ambiental axeitada e conxunta dos proxectos fragmentados”.

“En el caso del parque eólico Sasdónigas estamos ante una fragmentación en dos fases realizada por el promotor. Así, además de que es evidente que el emplazamiento geográfico de ambas fase es el mismo, el parque eólico comparte elementos esenciales para su funcionamiento en ambas fases. En este sentido, es tan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evidente que nos encontramos ante un mesmo proxecto desmembrado en dos fases que la propia DIA dice lo siguiente:

É importante indicar que a subestación transformadora e o edificio de control a utilizar neste parque non formarán parte desta DIA, xa que foi avaliada no expediente ambiental do proxecto do parque eólico Sasdónigas, do mesmo promotor, e que conta con declaración de impacto favorábel do 3-5-2010.

Esta sentenza do TSXG foi recorrida diante do Tribunal Supremo pola Xunta de Galiza e pola empresa promotora, Norvento. E o citado tribunal vén de ditar sentenza confirmando a anulación do citado parque eólico, que está en funcionamento desde o ano 2019.

Co mesmo criterio que o tribunal superior galego, o Supremo considera que a Xunta non realizou unha axeitada avaliación ambiental dos impactos do proxecto. E ademais, pon de relevo a fragmentación fraudulenta, cuestión que no foi alegada no recurso interposto pola Xunta e Norvento.

Estamos diante dunha nova sentenza demoledora e contundente, que pon en cuestión o modus operandi da Xunta de Galiza, claramente favorábel aos intereses das empresas eléctricas e que supón a desprotección dos recursos naturais, do patrimonio cultural e dos intereses das comunidades locais. Ademais de levar a cabo un carrusel de modificacións legais que están ao servizo dos intereses das grandes empresas enerxéticas, o goberno galego vulnera de xeito sistemático a normativa ambiental ou aplícaa de maneira irregular e fraudulenta.

Unha tras outra, as sentenzas dos tribunais neste caso e noutros recentes como Corme, O Iribio ou Ruña 2 en Mazaricos supoñen un duro varapau e un cuestionamento xudicial á política eólica do goberno galego. Un cuestionamento que se vén sumar ao





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rexeitamento maioritario por parte de entidades sociais, colectivos ecoloxistas, entidades locais ou organismos como o Observatorio Eólica de Galiza ou o Consello da Cultura Galega.

A Xunta non pode actuar con feitos consumados e con danos irreversíbeis. Por iso é necesario que se faga unha revisión a fondo do marco normativo, da planificación sectorial e dos procedementos de avaliación ambiental, co obxecto de garantir o respecto á lei, ao medio e ás persoas.

Ademais, as decisións adoptadas pola administración e os danos producidos non poden pasar inadvertidos. Deben pola contra ser obxecto da reprobación, da crítica e da asunción de responsabilidades.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

-Que valoración lle merece ao goberno galego o novo varapau xudicial da sentenza do Tribunal Supremo sobre o parque eólico Sasdónigas?

-Como valora a Xunta os motivos polos que o Supremo anula a aprobación do parque Sasdónigas?

-Quen vai asumir a responsabilidade deste despropósito administrativo e ambiental?

-Que medidas ten previsto desenvolver a Xunta para repoñer a legalidade neste caso?

-Que medidas ten previsto desenvolver a Xunta para evitar a fragmentación fraudulenta de proxectos eólicos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas ten previsto aplicar a Xunta para garantir a correcta aplicación da lexislación ambiental?

-Vai o goberno galego atender o clamor social e acordar un novo marco normativo e un novo plan sectorial que garanta un desenvolvemento do sector eólico racional, sustentábel, xusto, social, respectuoso coas comunidades locais e que deixe beneficios na nosa terra?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Castro García

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/07/2022 10:14:05

Noa Presas Bergantiños na data 21/07/2022 10:14:17

Daniel Castro García na data 21/07/2022 10:14:25





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 21/07/2022 10:14:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao futuro da autovía Lugo-Ourense e ás medidas que é posible impulsar para garantir unha adecuada conexión do Carballiño e a zona do Ribeiro con esta infraestrutura.

Desde hai décadas, Ourense e Lugo agardan a conexión por autovía, pois carecen dunha conexión directa como si teñen outras zonas. Esta infraestrutura comparte coa autovía A-54 o tramo de 23 km en servizo entre Lugo (Nadela) e Guntín. A partir de Guntín, iniciárase o trazado da autovía A-56 ata Ourense. De momento, no ano 2020 entrou en funcionamento o primeiro tramo, entre A Barrela e San Martiño. A continuación, o trazado iría aproximadamente en paralelo á N-540, obxecto de continuas reclamacións pola falta de mantemento e renovación do firme, que incrementa a súa perigosidade e vai en detrimento ademais dos tempos de percorrido e comodidade de uso.

Para alén da mellora da conexión entre as poboacións de Lugo e Ourense e da necesidade para paliar o deterioro económico e competitivo desta área, esta infraestrutura ten tamén a perspectiva de incardinarse nunha planificación máis ampla. Desta forma, contribuiría a completar un itinerario de ámbito europeo,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desde o sur de Francia (Irún) até o sur de Galiza e Portugal a través do interior de Lugo e Ourense.

Para alén de reivindicar o cumprimento dos compromisos, recentemente diversas voces téñense pronunciado a favor de que o goberno central busque a fórmula para conectar a A-53 con esta infraestrutura para incrementar a conectividade e competitividade do Carballiño e da área do Ribeiro. Neste sentido, no mes de febreiro de 2022 a xunta directiva da asociación da área industrial do Carballiño facía pública nos medios de comunicación esta petición. Nun sentido similar, a corporación do Carballiño aprobaba unha moción unánime para xuntar forzas cos concellos de Maside, Piñor e Cea para demandar unha conexión entre Ariz e a autovía de Ourense a Lugo, que cifran nunha lonxitude aproximada de 13 quilómetros.

Esta é unha proposta que as administracións deben valorar, ademais de seguir esixindo o cumprimento do desenvolvemento desta infraestrutura, adiada durante anos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Está a traballar o goberno galego para que se atenda a posibilidade de conectar a zona do Carballiño e contorna coa futura autovía de Ourense a Lugo?

Mantivo algunha reunión co goberno central? Desenvolveu ou vai desenvolver algún estudo propio ao respecto?

Que valoración lle merece a iniciativa, considera que sería posible e desexable algún trazado que permitirse esta cuestión e mellorarse a idea inicial?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoración lle merece a evolución do trazado deste proxecto pendente entre Lugo e Ourense?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/07/2022 10:16:22

Xosé Luis Bará Torres na data 21/07/2022 10:16:34

Olalla Rodil Fernández na data 21/07/2022 10:16:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/07/2022 10:16:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao abeiro da transición enerxética e da liberalización do sector estase a producir en Galiza unha auténtica febre de proxectos de implantación de enerxías renovábeis. O que debería ser unha oportunidade para a democratización e socialización dun ben básico como a enerxía, converteuse nunha aloucada carreira que marxina os intereses colectivos e do noso país, reborda as capacidades do territorio e colapsa os servizos da administración.

Á par do boom eólico están comezando a tramitarse proxectos de instalación de plantas solares fotovoltaicas, con diferentes dimensións e ubicación. Algunhas delas están a ser promovidas en terreos de monte comunal, con previsión de ocupación de centos de hectáreas.

Se ben a enerxía solar fotovoltaica pode ser unha boa alternativa para a transformación do sistema enerxético cara a fontes renovábeis, débese ter en conta tamén as afeccións sobre o territorio e sobre o solo. A este respecto hai que ter en conta as advertencias da FAO en relación cos impactos negativos do selado do solo ou “Cobertura permanente da superficie do solo con material artificial impermeábel”:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Perda non reversíbel do solo.
- Perdas na produción de alimentos.
- Perda significativa ou potencial de retención de auga no solo.
- Redución da capacidade de secuestro de carbono.

O pasado 28 de abril de 2021 o Parlamento europeo aprobou a Resolución 2021/2548 sobre a protección do solo, coa que se pretende fomentar o uso sostíbel e a multifuncionalidade do solo como provedor de alimentos, sumidoiro de CO2, produción de biomasa, reserva de biodiversidade, prevención de inundacións e sequías, prevención de incendios, fonte de materias primas, recursos xenéticos e farmacéuticos, ciclo da auga e dos nutrientes, depositario do patrimonio xeolóxico e arqueolóxico... Esta resolución enlaza cos programas e estratexias europeas sobre clima e biodiversidade e demanda que a Comisión Europea deseñe un marco xurídico común a escala da UE para a protección e o uso sostíbel dos solos.

A UE despregou unha ampla batería de iniciativas en relación co clima, a biodiversidade e a protección dos solos e da auga, algunhas das cales poden ser contraditorias cos plans de enerxía e clima e con determinadas liñas de actuación do chamado Pacto Verde Europeo e do Green Deal, claramente orientadas cara a especulación, a ocupación intensiva e a explotación produtivista de determinados recursos naturais e territorios.

Pola diversidade e riqueza dos seus recursos naturais, Galiza está no punto de mira de numerosos proxectos de explotación de enerxías renovábeis. E tanto o goberno galego como o goberno central deseñaron unha auténtica barra libre para a implantación





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destes proxectos, sen ter en conta as necesidades das comunidades locais, os límites medioambientais, os servizos ecosistémicos e os intereses xerais do noso país.

Aínda que a lexislación ambiental e de protección da biodiversidade consagra “a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística” e “a precaución nas intervencións que poidan afectar o patrimonio natural ou a biodiversidade”, a realidade é que prevalecen outros criterios e outros intereses.

No caso das enerxías renovábeis, o actual proceso de transformación debería constituír unha oportunidade para desenvolver un modelo alternativo, centrado no país, sustentábel, social, xusto e democrático.

No que atinxe á enerxía solar fotovoltaica, debe evitarse a proliferación descontrolada de proxectos, así como a ocupación de grandes superficies de solo que xa ten outros usos. Pola contra, debe primarse a utilización de cubertas de edificios residenciais, equipamentos públicos, instalacións deportivas, naves empresariais, granxas, etc.

E deben tamén priorizarse e primarse os proxectos de escala local e de proximidade, de enerxía distribuída, fomentando o autoabastecemento, o autoconsumo e as comunidades enerxéticas locais.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Considera o goberno galego necesario ordenar o desenvolvemento da enerxía solar fotovoltaica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cre o goberno galego no interese de priorizar o desenvolvemento das instalacións solares fotovoltaicas protexendo o solo e primando e priorizando o emprazamento en cubertas de edificacións?

. Que medidas ten previsto fomentar a Xunta para favorecer a socialización e democratización da produción, distribución e consumo de enerxía en xeral e, singularmente, da enerxía solar fotovoltaica?

. Ten previsto o goberno galego crear un mecanismo de información pública permanente, dixital e con información suficiente, que permita un fácil acceso da veciñanza e axentes interesados á información sobre a ubicación, dimensións e características dos proxectos de enerxía solar fotovoltaica de competencia autonómica?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/07/2022 10:28:36





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 21/07/2022 10:28:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a conexión da autoestrada AG-31 ate a fronteira portuguesa pola Madalena (Lobios).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de 9 anos e tras soportar o atraso habitual nas infraestruturas en Ourense, entrou en funcionamento a autovía AG-31, nalgún momento denominada A Mezquita -Fronteira Portuguesa, mais que só chega ate Celanova. Xa no seu momento varios alcaldes e alcaldesas da comarca da Baixa Limia demandaban o remate e conclusión da infraestrutura viaria ate a fronteira con Portugal. A pesares do tempo transcorrido non consta avance algún no proxecto.

Recentemente o Pleno do Concello de Vereá ven de aprobar, por unanimidade, unha moción na que se reclama á Xunta de Galiza que dea continuidade á Autovía de Celanova (AG-31) ATÉ A FRONTEIRA DE A MADALENA (Lobios).

A infraestrutura, tamén reclamada por asociacións de comerciantes e empresarios/as da propia cidade de Ourense, permitiría a conexión co núcleo de poboación tan importantes como Porto ou Braga, reforzando a posición xeoestratéxica de Ourense e Galiza e a relación económica, comercial e social con Norte de Portugal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O na altura anunciado proxecto viario de comunicación de Galiza co Norte de Portugal ficou aparcado pola Xunta de Galiza por mor da crise económica sen que consta a existencia de actuación posterior algunha para a tan necesaria vertebración territorial da eurorexión, polo que semella que a situación económica simplemente era unha desculpa para aprazar, máis unha vez, a realización dos necesarios investimentos para o desenvolvemento do rural ourensán.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que actuacións realizou a Xunta de Galiza dende 2011 ate a actualidade para dar continuidade a autoestrada AG-31 ate a fronteira portuguesa?

. Aprobou algún proxecto con tal finalidade?

. Ten previsto a Xunta de Galiza a prolongación da autoestrada AG-31 ou a construción dunha vía de alta capacidade para mellorar e axilizar o transito entre Celanova e a Fronteira Portuguesa?

. No seu caso, en que consiste tal proxecto e cal é o prazo para a súa execución?

. Contempla no trazado do eventual proxecto manter as travesías actualmente existentes?

. Contemplou a Xunta de Galiza a realización dunha infraestrutura viaria que facilite a conexión entre a OU-540 e Xinzo da Limia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/07/2022 10:30:07

Xosé Luis Bará Torres na data 21/07/2022 10:30:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galiza para mellorar a comunicación viaria entre Ourense e Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento económico e social dun territorio precisa dunha rede de infraestruturas, viarias e tecnolóxicas, que conecten entre si o país, e este con outros países e nacións. A este respecto a Galiza interior carece de vías de comunicación que vertebran o territorio achegando os servizos á cidadanía e amplíen -ou non limiten- as relacións industriais, comerciais, culturais e sociais con outras localidades.

Xa hai varias décadas deseñouse un mapa de estradas para a comunicación viaria na Galiza. Na configuración do mapa da estradas contemplábase a necesidade de dotar ao interior de Galiza dunha autovía que conectase as cidades de Lugo e Ourense, posibilitando a relación económica e social entre a zona Cantábrica e Norte de España co Sul de Galiza e co Norte de Portugal.

Malia o tempo transcorrido e a importancia económica e social da devandita autovía, non só non existe previsión para o remate e entrada en funcionamento da infraestrutura, é que non se está a executar obra en ningún treito, nin sequera que estea en proceso de adxudicación algunha obra que axilice a comunicación en entre Ourense e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lugo En suma, nin existe previsión de terminación das obras, nin indicio algún que permita aventurar cando se puidera producir a mesma.

A este respecto, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana informa que en Galiza o Estado está a executar obras, unicamente, en 39,88 km. da rede principal de estradas, non correspondendo ningún deles á denominada A-56 destinada a unir Lugo con Ourense.

Así pois tras a entrada en servizo do treito de menos de 10 km. entre San Martiño e o enlace norte de A Barrela non hai avances significativos, nin previsión deles, no trazado do vial, básico para o desenvolvemento económico e social do interior de Galiza.

Xa que logo dada a parálise da posta en marcha da construción da infraestrutura, que xa suma décadas de atraso, e as consecuencias que implica para boa parte da poboación galega, cumpre que o Parlamento de Galiza se dirixa ao Goberno do Estado a fin de que sen máis dilación acometa a execución da autovía A-56, con carácter inmediato no que atinxe aos treitos Ourense-Cambeo, e Cambeo -San Martiño, que facilitará a entrada na cidade de Ourense, así como incrementará a funcionalidade do único treito construído e operativo.

Lembrar que a Xunta de Galiza recoñeceu a este grupo parlamentar o carácter fundamental da A-56 para a vertebración do interior país, sen que tal recoñecemento tivera translación na construción e posta en servizo de treito algún durante o goberno de M. Rajoy





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que xestións ou actuacións realizou o goberno galego dende o ano 2003 cara a efectiva construción da autovía A-56, Ourense – Lugo?

. No seu caso, en que data e en que consistiron as actuacións e cal foi o resultado delas?

. Entende a Xunta de Galiza que a ausencia de tal infraestrutura produce consecuencias económicas e sociais na Galiza, singularmente na interior?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 21/07/2022 10:31:24

María del Carmen Aira Díaz na data 21/07/2022 10:31:28

María González Albert na data 21/07/2022 10:31:37

Olalla Rodil Fernández na data 21/07/2022 10:31:44

Noa Presas Bergantiños na data 21/07/2022 10:31:54

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/07/2022 10:32:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2019 a Xunta de Galiza aprobou bonificacións nas autovías de peaxe AG55 e AG57 que consisten no desconto do 50% do custo para vehículos lixeiros e pesados que utilicen dispositivos de telepeaxe e entre as 00 h e 6 horas da mañá.

Anteriormente a Xunta de Galiza aprobara un desconto do 25% na viaxe de volta, cando a entrada e saída se produce no mesmo punto, que se aplica en días hábiles e para persoas usuarias que dispoñan de dispositivo de telepeaxe.

Como consecuencia do acordo de investidura asinado polo BNG e PSOE en xaneiro de 2020, os orzamentos do Estado incluíron unha partida para bonificacións das peaxes na AP9, cunha dotación de 50 millóns de euros. Esta cantidade servirá para aplicar bonificacións a persoas usuarias do 50% na viaxe de volta.

En consecuencia con esta medida, o goberno galego debería incluír cando menos unha medida similar, de maneira que as persoas usuarias da AG 55 e AG 57 se beneficien destes descontos nas viaxes de ida e volta.

Cómpre ter en conta que as áreas de Vigo-Val Miñor e Coruña-Bergantiños sofren un agravio e unha forte discriminación a respecto doutras zonas de Galiza que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contan con autovías libres de peaxe (con peaxe na sombra, pagada con cargo aos orzamentos da Xunta), como é o caso do Morrazo, O Salnés, A Barbanza e Santiago-Brión. É así que as peaxes na AG 55 e AG57 provocan efectos negativos na mobilidade para persoas e empresas que teñen que facer desprazamentos cara ás áreas de Vigo e Coruña principalmente, por motivos laborais, de estudos ou de acceso a centros de saúde e hospitais. Tamén resulta unha pesada carga e un lastre para a competitividade das empresas, que ven como as peaxes encarecen o custo do transporte das mercadorías cara aos seus destinos.

Esta situación viuse agravada no actual contexto de suba de prezos, polas consecuencias do incremento dos prezos dos carburantes que lle afectan de xeito directo tanto ao sector do transporte como ás persoas particulares nos seus desprazamentos habituais. Nas referidas comarcas, as elevadas peaxes, sumadas ao incremento dos combustíbeis, constitúen unha pesada carga que é necesario aliviar.

Ademais, a existencia de peaxes provoca outro efecto negativo no incremento do tráfico nas estradas convencionais, que atravesan zonas con unha alta densidade de poboación e con numerosas travesías urbanas. É por iso que se debería estudar o rescate das concesións das citadas autovías, para evitar o agravio comparativo entre unhas comarcas e outras.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Prevé o goberno galego aplicar na AG 55 e na AG 57 os mesmos descontos que existen na AP9?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Valorou a Xunta a posibilidade de establecer a gratuidade das autovías AG 55 e AG 57 de maneira temporal, en tanto persista o actual contexto de suba de prezos?

. Considera xusta a situación de agravio que sofren as persoas e empresas destas áreas, a respecto doutras que contan con autovías autonómicas libres de peaxe?

. Comparte o goberno galego que o abaratamento a curto prazo con maiores descontos, e a gratuidade a medio prazo, terían unha incidencia moi positiva na seguridade viaria e na mellora da calidade de vida da contorna das estradas convencionais do Val Miñor-Vigo e de Bergantiños-A Coruña?

. Considera necesario o goberno galego facer un estudo sobre o rescate da concesión da AG55 e AG57 de modo que se acabe coa discriminación que sofren as persoas usuarias destas autovías a respecto doutras de titularidade autonómica que son gratuítas?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 21/07/2022 10:33:07

Paulo Ríos Santomé na data 21/07/2022 10:33:14

Alexandra Fernández Gómez na data 21/07/2022 10:33:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Augas de Galicia, organismo dependente da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade, está a tramitar o Plan de xestión do risco de inundacións na demarcación hidrográfica Galiza Costa para o período 2021-2027. No estudo ambiental estratéxico do citado plan, Augas de Galicia sinala como un dos problemas ambientais relevantes a introdución de especies exóticas invasoras, que afectan negativamente aos ecosistemas acuáticos e á vexetación de ribeira. No citado estudo inclúese o eucalipto entre as especies exóticas invasoras e advírtese dos problemas creados pola súa proliferación na contorna dos ríos, afirmación que foi cuestionada no informe da Consellaría de Medio Rural, que fai referencia á importancia do eucalipto como especie forestal e amosa a súa preocupación polo feito de que se faga referencia a esta especie como un “problema”, xa que “podería dar lugar a que nun futuro se impuxesen restricións ao seu uso ou á execución de tratamentos silvícolas ou aproveitamentos”.

Mais alá da categorización ou non do eucalipto como invasora, tema sobre o que existe unha forte controversia técnico-científica e legal, a realidade é que están máis que demostrados os efectos adversos das plantacións de eucaliptos no solo, na biodiversidade, nos recursos hídricos e na regulación do ciclo hidrolóxico, e nomeadamente o seu impacto negativo sobre os ecosistemas fluviais e as súas contornas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
Posteriormente, o Goberno do Estado seguiu achegando fondos ás comunidades autónomas para que puideran seguir facendo fronte ás consecuencias da pandemia, dos que a Xunta de Galicia recibiu, entre outros, 17 millóns de euros do Fondo Social Extraordinario para minimizar o impacto social da pandemia, 1,9 millóns de euros para bolsas de comedor, 20,3 millóns de euros para o sistema da autonomía e a atención á dependencia (SAAD), 272 millóns de euros de fondos Feder máis para gasto sanitario e 441 millóns de euros dos fondos React-EU (253,8 millóns en 2021 e 88,2 millóns en 2022) para reforzar a educación, a sanidade e os servizos sociais, así como para apoio a pemes e autónomos.



Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que recursos económicos achegou a Xunta de Galicia nos anos 2020 e 2021 aos concellos galegos para poder facer fronte ao incremento de gasto derivado pola aplicación de medidas que eviten a propagación do virus?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2022 12:40:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/07/2022 12:41:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a resolución dos procesos selectivos da Oferta de Emprego Público de 2019 da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público establece a obrigatoriedade de resolver no prazo de 3 anos as ofertas de emprego público.

Como é preceptivo -por ser necesaria a aprobación e planificación anual- mediante Decreto 33/2019 (DOG 5 de abril de 2019) a Xunta de Galiza aprobou a Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2019. É abondo elocuente que na propia Oferta de Emprego Público contemplábase a posibilidade de incluír nun único proceso selectivo todas aquelas prazas xa previstas nas OEPs de 2016, 2017 e de 2018 cuxos procesos aínda non foran convocados. Val dicir, a Xunta reconece a vulneración legal en que incorreu e que infrinxiu as previsións contidas nas OEPs (malia o limitado das mesmas en virtude da taxa de reposición existente), polo que permitía acumular aos procesos selectivos de 2019 todas as prazas previstas nas OEPs de exercicios anteriores.

A pesares do expreso recoñecemento dos reiterados incumprimentos legais e da consecuente precarización do emprego público na Xunta de Galiza non se apreciou, nin aprecia un propósito real de emenda. Así, non é ate máis de 6 meses despois de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publicada a OEP de 2019 cando se empezan a convocar os procesos selectivos correspondentes á mesma. Algúns dos que, como xa se indicou, contemplaban prazas relativas a outras OEPs de exercicios anteriores, 2016, 2017 ou 2018.

Pois ben, os procesos selectivos convocados nos meses de novembro e decembro de 2019 que por exemplo atinxe a prazas de educadoras, traballadoras sociais, terapeutas ocupacionais, persoal de prevención de incendios, auxiliares de enfermería... e que, como fica exposto, xa levaba un retraso de varios anos; aínda están pendentes de resolución. Convocado o proceso selectivo en 2019 e celebrada con notable retraso a fase de oposición (2021), aínda está pendente de resolución a fase de concurso, polo que o proceso de selección máis de 2 anos e media da convocatoria aínda está pendente de resolución.

A Xunta de Galiza segue sen respectar o prazo máximo de duración das OEPs e segue contrariando os requirimentos e advertencias da Unión Europea, fomentando a precarización no emprego público e o que, posiblemente é peor, provocando a incerteza e inseguridade nas persoas inseridas nos procesos de selección que ven condicionadas as súas expectativas para unha planificación vital á espera da resolución dos procesos selectivos.

En suma, a política da Xunta de Galiza no que atinxe ás OEPs pode resumirse en incumprimentos legais reiterados, precarización do emprego público e nulo respecto e consideración coas persoas participantes nos procesos selectivos.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora a Xunta de Galiza a ausencia de cumprimento das OEPs correspondentes aos exercicios 2016, 2017 e 2018?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende que a inexistencia de cumprimento das referidas OEPs cumpre coa legalidade e fomenta a precariedade no emprego público?

. Por que razón os procesos selectivos convocados a finais de 2019 en cumprimento da OEP de 2019 non están resoltos?

. Entende a Xunta de Galiza que o citado incumprimento e o atraso na resolución dos procesos selectivos, condiciona e limita as expectativas vitais e laborais das persoas que participan nos mesmos?

. Existe persoal abondo para resolver os procesos selectivos ou é a carencia de persoal a que permite tan importante retraso?

. Vencido o prazo máximo para a execución da OEP de 2019, cando ten previsto a Xunta de Galiza resolver os procesos selectivos convocados na súa virtude?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/07/2022 09:42:00

Daniel Pérez López na data 20/07/2022 09:42:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/07/2022 09:42:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre os espazos naturais afectados polos lumes dos días 15 a 19 de xullo de 2022 e seguintes así como os medios de extinción empregados e as medidas adoptadas e previstas para combater os danos causados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os lumes do mes de xullo, especialmente os da crise concentrada principalmente no interior de Lugo e nas zonas de Oímbra, Valdeorras e Pradoalbar a partires da tormenta explosiva do 14 de xullo afectaron gravemente a varias zonas protexidas.

Así vimos serias afectacións en distintos espazos protexido spola Rede Natura 2000 como Os Ancares-Courel, ou os parques naturais da Serra da Enciña da Lastra e da Serra do Invernadeiro.

Máis aló doutras consideracións é importante que o Parlamento de Galiza teña información detallada en relación a que medidas de prevención específicas estaban en vigor nestes e outros espazos de especial relevancia natural xa que é responsabilidade da Xunta de Galiza velar pola súa protección primeiro e, en todo caso, pola súa recuperación e rexeneración, para controlar no posíbel as consecuencias negativas do lume e evitar máis danos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que espazos naturais resultaron afectados polo lume no mes de xullo, e concretamente entre na crise orixinada após a tormenta explosiva do xoves 14 de xullo?
- . Que superficie resultou afectada polo lume nestes espazos naturais (total e en cada un)?
- . Que medidas de prevención específicas se tomaran neses espazos naturais nun ano de condicións climatolóxicas tan extremas como o que estamos a vivir?
- . Que medidas preventivas se empregaron en relación aos núcleos de poboación situados dentro do perímetro deses parques?
- . Que medios se empregaron para a extinción dos lumes nos parques naturais?
- . Que medidas se adoptaron ou se prevén adoptar para combater os danos causados polos lumes nos espazos naturais?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/07/2022 09:54:50

María del Carmen Aira Díaz na data 20/07/2022 09:54:54

María González Albert na data 20/07/2022 09:55:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre os motivos polos que o goberno galego non opta por un SPDIF único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para todo tipo de emerxencias nomeadamente as rurais

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda semana de xullo de 2022 arrancou unha vaga de lumes con orixe natural que provocou a queima, en só 5 días, de case o cuádruplo de todas as hectáreas que arderan en Galiza en 2021. Unha crise de incendios forestais que neste momento aínda non rematou e que, en moitos lugares, nos deixou á vontade do vento e os elementos, atacando incluso varias decenas de núcleos de poboación en distintos lugares con resultados en máis dun caso catastróficos no referido aos bens materiais.

A día de hoxe o sistema galego de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais continúa a estar formado por brigadas de bombeiros forestais de distintos períodos de duración: de 12, de 9 e de 6 meses. Deste xeito, boa parte do persoal de incendios continúa a ser iso que se chama fixo-discontinuo; é dicir, man de obra temporal barata, precarizada e con menor capacidade profesional debido precisamente á súa precarización. A este sistema súmanse outros efectivos como GES ou brigadas municipais (estas últimas de 3 meses) o que aínda dispersa e precariza máis aos e ás profesionais do SPDIF.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao tempo, a climatoloxía iniciou hai uns poucos anos un cambio con ciclos dentro do ano cada vez máis frecuentes de altas temperaturas, seca persistente, humidade moi baixa e, debido ó abandono do rural, existencia de enormes masas de combustible a xeito de matogueira. Este ano 2022 está a ser un claro e triste exemplo do que vimos de afirmar.

É preciso incidir de novo en que o despoboamento do Rural trae consigo o aumento da masa de combustible e a ausencia de brazos e maquinaria que o procese para usos agrícolas, facendo necesario unha labor de prevención durante case todo o ano.

Neste 2022, na primeira (e agardamos que última) grave crise de lumes que estamos a vivir, atopámonos con denuncias de falta de efectivos e a unha incomprensíbel inexistencia das brigadas municipais que na súa grandísima maioría non están incorporadas ao servizo e que a Xunta de Galiza non cansa de promocionar como “fundamentais”. A isto súmase o feito de que as baixas das traballadoras e traballadores non están a ser cubertas de xeito xeneralizado, o que deixou ao SPDIF nunhas condicións realmente malas para loitar contra uns lumes que podemos definir sen medo a nos equivocar como de sexta xeración.

Nestas condicións resulta incomprensíbel que a Xunta persista na súa negativa (a última vez ao final do último período de sesións) para ampliar os contratos dos bombeiros forestais de 6 e 9 meses para convertelos en traballadores fixos do SPDIF e polo tanto ben formados e cumprindo as funcións que a día de hoxe se asignan a empresas privadas.

E todo ha facer falta porque o servizo de extinción non pode estar a expensas do que manden as vagas de seca e lumes para contratar o persoal das brigadas terrestres. É cada vez máis necesario cubrir con persoal profesionalizado e estable os labores de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevención e emerxencias para controlar un territorio despoboado e onde a maleza campa ás súas anchas.

A nova tipoloxía de incendios con lumes de expansión máis rápida, con ameazas a vivendas, con maior carga de combustíbel en densidade e en extensión, con temperaturas máis altas e con períodos de secas máis acusados... esixe un sistema de prevención e extinción máis profesionalizado e cunha formación homologada e efectiva.

Non se debería por tanto utilizar persoal eventual.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Ante uns lumes cada vez máis agresivos e imprevisíbeis, cal é a razón pola que o Goberno galego non opta por un SPDIF único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para todo tipo de emerxencias nomeadamente as rurais?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/07/2022 10:12:25

María del Carmen Aira Díaz na data 20/07/2022 10:12:29

María González Albert na data 20/07/2022 10:12:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a xestión da Xunta de Galiza en relación coa prevención e loita contra os incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na xornada do xoves 14 de xullo producíase en Galiza unha tormenta explosiva especialmente virulenta que descargaba máis de 5.000 raios deixando tras de si un regueiro de conatos e focos de incendio por todo o país e principalmente nas zonas do interior.

Nos días sucesivos vimos como moitos deses focos se convertían en lumes que foron crescendo en magnitude e agresividade e, tras dunha primeira sensación de control que a Consellaría anunciou cara o mediodía da xornada do sábado 16 de xullo, vimos como nesa mesma tarde e nas xornadas sucesivas varios lumes se descontrolaban e se convertían en grandes incendios que asolaban ao seu paso zonas de especial importancia ambiental así como núcleos habitados de distintos lugares do interior do país.

Cando arrancaron os lumes, o 14 de xullo, o presidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda, fixo unhas declaracións públicas en rolda de prensa asegurando que “o operativo está plenamente operativo” e no que deu as seguintes cifras: “7.000 efectivos, 380 motobombas, tractores e palas mecánicas e 30 medios aéreos”. 4 días despois, o 18 de xullo, en declaración aos medios sobre o terreo e acompañado do conselleiro do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Medio Rural e do director xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais deu a seguinte información: “máis de 400 efectivos traballando, 40 motobombas e as 3 cisternas das que dispón a Consellaría traballando”.

Mentres tanto, uns lumes que foron aumentando a súa extensión até afectar neste momento a máis de 19.000 hectáreas cando os grandes lumes de Pradoalbar (Vilariño de Conso), Riodolas (Carballeda de Valdeorras), Folgoso-Pobra de Brollón e Oímbra non están nin sequera estabilizados, o que pode supor un aumento significativo de superficie queimada antes da súa completa extinción. Un apunte de extrema gravidade é a cantidade de núcleos habitados que teñen atinxido estes lumes, provocando a desolación en lugares como Candeda e o Robledo de Domiz (Carballeda), Alixo (O Barco de Valdeorras) e a Veiga de Cascallá e o Castelo (Rubiá), Vilar (Folgoso do Courel) ou Río de Bois (na Pobra de Brollón).

Polo tanto, diante da situación provocada polos incendios forestais que están a asolar Valdeorras, o Courel, o Invernadoiro, Oímbra e outras zonas do país así como das respostas públicas institucionais que o Goberno da Xunta de Galiza está a facer no referido á xestión dos lumes así como á xestión do propio persoal e recursos do SPDIF xorden varias cuestións relevantes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta das labores de extinción e coordinación realizadas nos lumes iniciados coa crise do 14 de xullo e nomeadamente nos de Oímbra, Pradoalbar (Vilariño de Conso), Riodolas (Carballeda de Valdeorras) e Folgoso do Courel-Pobra de Brollón?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que se envían brigadas de extinción para un primeiro ataque con dous bombeiros en lugar dos 5 ou incluso 7 que deberían conter? Que garantías ofrece? Por que esas carencias?

- Por que non se cobren as baixas do persoal do SPDIF?

- Que porcentaxe do persoal dos Concellos está incorporado ás súas funcións a 19 de xullo de 2022?

- A que se debe que o persoal dos Concellos non estivese incorporado a 19 de xullo sendo un elemento que a Consellaría do Medio Rural ten definido como “chave” na loita contra o lume?

- A que se debe que os medios de extinción tivesen que facer desprazamentos de varias ducias de quilómetros para poder encher os seus depósitos de combustíbel en lugar de abastecer nas estacións de servizo máis próximas aos lumes nunha situación de extrema gravidade?

- Estiveron correctamente atendidos os núcleos de poboación durante os lumes de Riodelas (Carballeda de Valdeorras) e Folgoso-A Pobra de Brollón?

- Como se priorizou a atención a eses núcleos? Como é posíbel que nalgúns deles non aparecese ningún efectivo do SPDIF?

- Como se aplicou o PLADIGA 2022 a data de hoxe no referido a información, divulgación, asesoramento a asociacións, centros de ensino, propietarios de montes, sociedades de caza? Cantas reunións e actos se desenvolveron?

- Cantos Concellos dispoñen do preceptivo Plano de Defensa Contra Incendios Forestais? Quen os supervisa para o seu cumprimento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas adoptou a Xunta de Galiza cos Concellos para mellorar as condicións de seguridade das marxes das vías de comunicación e dos núcleos rurais? E nas estradas e autoestradas da Xunta e do Estado?

- Tendo coñecemento da situación de seca, altas temperaturas, vento e baixa humidade, mais a proximidade de ventos fortes, cales foron as medidas previsoras implementadas para unha intervención rápida e eficaz?

- Que repercusión ten a situación de escaseza de auga dos encoros principiada en 2021 co baleirado irregular de varios deles por parte das empresas eléctricas e mantida no tempo pola seca do outono/inverno 21/22 para a carga dos equipos aéreos?

- Que tipo de inspección se realiza sobre o estado dos montes dende o punto de vista dos riscos de propagación de incendios? Que información e indicacións reciben os/as titulares das terras?

- Por que non se debate coas organización sociais unha avaliación dos resultados da tempada de lumes no inverno xunto o PLADIGA do ano seguinte, e aínda así se publica en Xuño-Xullo, en plena tempada de verán?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/07/2022 10:30:55

María del Carmen Aira Díaz na data 20/07/2022 10:30:59

María González Albert na data 20/07/2022 10:31:08



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, ten entre os seus obxectivos garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos nos períodos en que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

A dita lei establece na disposición adicional segunda que, no prazo máximo de dous anos, contado desde a entrada en vigor desta lei, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa, establecendo as auditorías municipais de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga como un instrumento indispensable para diagnosticar e atallar as perdas do recurso hídrico nas redes e axudar a que os responsables dos sistemas de abastecemento estean mellor preparados ante eventos climáticos extremos como os provocados por unha ausencia prolongada de precipitacións.

Con estes argumentos, a entidade Augas de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia do 8 de xullo a Resolución do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, como unha medida de cooperación necesaria destinada aos concellos responsables de sistemas de abastecemento á poboación cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes e cun crédito de 300.000 euros e no seu artigo 11 se establece a documentación complementaria que debe achegar cada concello solicitante electronicamente, xunto coa solicitude:



- a) Resolución do órgano competente do concello solicitante pola que se acorde a solicitude da subvención ao abeiro desta resolución, con data anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes, en que conste expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución.
- b) Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos, cantidades e o seu prezo unitario para a realización da auditorías municipais de abastecemento para minimizar as perdas de auga.
- c) Unha declaración asinada pola persoa titular da alcaldía-presidencia en que se indique que realizaron as tarefas de revisión, actualización e confirmación da información do abastecemento do concello solicitante na ferramenta Sisbagal (Sistema de información de servizos básico de augas en Galicia) <https://sisbagal.xunta.gal> con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022.

Para o suposto de non se presentar esta declaración, deberá achegarse xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa do obxecto da auditoría municipal de abastecemento para minimizar as perdas de auga, en que se indique expresamente, polo menos, o seguinte: unha listaxe dos puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello, incluíndo a súa localización en coordenadas UTM fuso 29 ETRS89, a listaxe dos núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración e a poboación aproximada dos núcleos conectados.
- Planos a escala de suficiente detalle (1:10.000 ou menor) onde se representen, como mínimo, os puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello e os núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración.

Os planos deberán conter unha lenda suficiente que permita a súa interpretación e estar o máis actualizados posible, non sendo admisibles aqueles nos cales non conste a data da súa realización nin os realizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son as razóns polas que, unha vez máis, a Xunta de Galicia convoca subvencións dirixidas a concellos en réxime de concorrència non competitiva?

2ª) Que día e a que hora tivo entrada a primeira solicitude de subvención?

3ª) Cantos concellos solicitaron esta subvención?

4ª) A que hora tivo entrada cada unha das solicitudes presentadas?

5ª) Cando se esgotou o crédito destinado ao financiamento destas axudas?

6ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre esta subvención aos concellos beneficiados?

7ª) Considera o Goberno galego que a convocatoria de subvencións en concorrència non competitiva é o modo máis transparente e que garante a igualdade de oportunidades para todos os concellos?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/07/2022 10:07:36

Paloma Castro Rey na data 20/07/2022 10:07:53

Pablo Arangüena Fernández na data 20/07/2022 10:08:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOE do 16 de xuño de 2017 publicaba o anuncio polo que se sometía a información pública a petición de Deep Water Oil Transhipment Hub para establecer unha nova instalación no porto exterior de Punta Langosteira consistente na construción dunha terminal de hidrocarburos.

Anunciaba a compañía un investimento de 30 millóns de euros nunha instalación que se prevía operativa en 2019.

No entanto, o proxecto non chegou a executarse en ningún momento, aínda que si continuaron a ser noticia as renuncias de empresas a construír esta terminal de hidrocarburos, así como os cambios de nome de novas concesionarias interesadas neste proxecto de almacenamento, mestura, transformación, carga e descarga de graneis líquidos.

Oil Deposit Corunna é a nova empresa que anuncia en 2018 o seu interese neste proxecto coincidindo coa renuncia de Pemex a construír en Punta Langosteira un centro de distribución de hidrocarburos para toda Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 18 de agosto de 2020 o DOG publica a Declaración de Impacto Ambiental pola que resolve que “o proxecto é ambientalmente viable”, aínda que transcorridos dous anos o proxecto segue sen se executar.

En 2021 a Autoridade Portuaria da Coruña abre a porta a un novo protagonista a través do seu plan A Coruña Green Port con outro novo proxecto relacionado co hidróxeno e ammonia (amoníaco) verdes en Punta Langosteira a cargo da empresa Fistera Energía España S.L.U, vinculada ao fondo de investimento Blackstone.

Agora xa en 2022, transcorrido un lustro desde aquel primeiro proxecto sen que ningunha obra teña comezado, aquel proxecto aprobado de Oil Deposit Corunna volve á palestra, modificado na súa definición para adaptalo ás enerxías renovábeis que di representar o plan Green Port e baixo outro nome empresarial: Ahmon NH3 Process Storage Distribution.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non se executa a terminal de hidrocarburos? Existe algún impedimento administrativo? Teñen algún prazo para executar as obras?
- En que situación están actualmente os diferentes proxectos presentados para se asentar en Punta Langosteira vinculados ao hidróxeno e amoníaco?
- Á vista das mudanzas anunciadas na configuración dos proxectos iniciais aprobados, reclamou a Xunta novas declaracións de impacto ambiental actualizadas?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/07/2022 11:53:29

Xosé Luis Bará Torres na data 20/07/2022 11:53:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

competencias en linguas estranxeiras.

O que prometía ser unha ilusionante oportunidade para a aprendizaxe en Canadá, Reino Unido, Francia e Portugal, converteuse nunha frustrada ocasión perdida para este alumnado ao lle comunicar a Xunta, de forma repentina e con toda a organización en marcha, a suspensión do programa de aprendizaxe de linguas no estranxeiro ao ficar deserta a prestación deste servizo no proceso de adxudicación.

O alumnado beneficiario e xa admitido nesta convocatoria denuncia a falta de información e transparencia sobre este proceso por parte da Consellería nos últimos meses até finais de xuño en que se fixo pública a suspensión do programa de viaxes sen máis explicación ás familias afectadas.

Resulta inaceptábel que esta falta de planificación e organización por parte da Xunta non sexa asumida cunha resolución alternativa de forma inmediata e que se pretenda responder anunciando unha reserva de prazas para este alumnado na convocatoria do ano 2023.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Comprométese o goberno da Xunta a ofrecerlle, dentro deste ano 2022, unha alternativa formativa equivalente para o alumnado de bacharelato beneficiario da convocatoria de viaxes de mellora da competencia en linguas estranxeiras en Canadá, Reino Unido, Francia e Portugal?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2022 09:59:16

Daniel Castro García na data 21/07/2022 09:59:19

Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2022 09:59:28



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Grupo Parlamentario Socialista leva tempo insistindo en que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, consecuencia do cal temos máis territorio improdutivo e con unha importante carga de biomasa. Por outra banda cada día vese como se desmantelan novos servizos públicos e privados.

A situación que nos atopamos no rural é unha poboación cada día con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para a infancia e maiores, desmantelamento dos servizos bancarios, o transporte público etc.

Como imos a loitar contra o lume se cada día temos menos terra produtiva, se a agricultura, a gandería e a xestión forestal sostible teñen cada vez menos peso na Galicia Rural, que fai que o territorio se estea a transformar de xeito estrutural, nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de mato e arborado desordenado, en continuidade e sen apenas presenza dos cortalumes naturais que forman as terras de labor, pastos, e prados, que protexen as masas forestais e os núcleos de poboación,

A grande debilidade que ten a nosa foresta é que a silvicultura preventiva é practicamente inexistente. Exemplo ben claro é a contratación das brigadas forestais de fixos descontínuos traballando entre 6 e 9 meses, que si traballasen todo o ano eses meses que están inactivos poderían estar facendo silvicultura preventiva. E que dicir das brigadas municipais que teñen que facer silvicultura preventiva na época de máximo risco de incendios, consecuencia de ter contratos so de 3 meses.

Urxe que se replantee o modelo de gastar case unha centena de millóns de euros anuais en medios de extinción, sen levar a cabo o traballo para dotar de actividade ao noso rural, sen levar a cabo os traballos de prevención, de ordenación do territorio, de educación e acción sociolóxica ambiental.



O informe do Consello de Contas no ano 2016 amosábanos que o Plan Forestal de Galicia elaborado no 1992 e que sinalaba o camiño da política forestal ata o ano 2030 tiña en previsión que se dedicara un 13 % do diñeiro a prevención e extinción de incendios e o 87 % ao fomento e desenvolvemento forestal, a realidade é que se dedica máis dun 80 % a extinción de incendios forestais e un escaso 20 % a prevención ou políticas de desenvolvemento dos ecosistemas forestais (estamos moi lonxe do que ten que ser unha política forestal equilibrada na que se busque a sustentabilidade do patrimonio forestal e dos ecosistemas de Galicia). Máis de 2.500 millóns de euros vanse a gastar nestas dos próximas décadas en extinción se segue a mesma política que ata o momento.

Outra das cuestións que debe mudar é a debida xestión forestal sostible que debe ter a Xunta de Galicia, onde se sinerxien tanto os aspectos económicos como os ambientais con os sociais desenrolando unha xestión sostible do territorio agrogandeiro e forestal como unha acción política decidida que poña enriba da mesa un modelo asentado na realidade.

Co compromiso de todo o territorio e toda a poboación en dereitos e obrigas, non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal mentres que a outra ampla zona se lle someta a obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica e soamente con limitacións de uso no seu territorio.

Hai que desenrolar sen máis demora os PORF como así o di a recomendación número 2 do Parlamento galego, que establece que tiñan que estar feitos antes que finalizase o 2024, una vez aprobada a Revisión do PFG de tódolos distritos.

De xeito paralelo deberan de poñer en marcha, modelos de xestión forestal individual ou por xestor forestal, que sexan verdadeiros instrumentos no que se asentase o sector forestal, débese regular o que pode ou non pode facer un xestor en todas as súas parcelas, a unidade de xestión non pode ser a parcela concreta, ten que ser xestor e sendo así este terá que dedicar parcelas a produción e outras a conservación, seguindo o modelo da agricultura e a gandería para a PAC.

Estance a producir incendios convectivos que podemos denominar como de sexta xeración, cunhas condicións que fan que a loita contra o lume sexa moi complexa polas condicións atmosféricas que combinan altas temperaturas, baixa humidade e fortes ventos, a chamada regra climatolóxica do 30/30/30, debe de facer que analicemos como actuar ante o cambio climático que estamos a sufrir e o aumento do combustible nos montes derivado do despoboamento do rural galego.



De feito debemos recordar o acontecido en Galicia no ano 2017 e a desgracia acontecida no mes de xullo na nosa a Comunidade nas provincias de Ourense e Lugo, concretamente nos concellos de Folgoso do Courel, A Pobra do Brollón, Carballada de Valdeorras e o Barco de Valdeorras (afectando o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra) , Vilariño de Conso (afectando o Parque Natural do Invernadeiro) como tamén no Concello de Oímbra.

Debemos modificar o actual sistema de prevención, analizando as zonas abandonadas principalmente en Lugo e Ourense, elaborando o correspondente mapa de riscos segundo fixa a Lei de incendios, algo que vimos reclamando por parte deste grupo dende hai tempo e que tería que figurar nos Pladigas e ano tras ano non aparece, posto que nin o PEIFOGA ni no PLATERGA o teñen. Con este tipo de incendios tan virulentos, o Goberno galego debera desenrolar un estudo profundo coa elaboración entre outros dun mapa de combustibles actualizado, cruzando a información coa ocorrencia dos lumes e sendo precisos nas zonas onde aplicar medidas preventivas que non so teñen que ser rozas, xa que con este tipo de lumes que xeran unha gran cantidade de focos secundarios é preciso deseñar unha paisaxe en mosaicos onde haxa unha multifuncionalidade de usos de forma que cando eses focos se xeran se poidan illar da maneira máis rápida posible.

Como medida complementaria é fundamental que o Goberno galego teña realizados plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e dos servizos de emerxencias locais e comarcais.

Necesitamos avanzar na profesionalización deste sector, cuns traballos de alto risco, nos que en moitos casos non se garante unhas condicións salariais axeitadas, nin o equipamento material e técnico axeitado, nin a formación imprescindible para a extinción de incendios e a realización dos labores de prevención dos traballadores e traballadoras.

Todo isto, demostrado nos últimos anos, leva a unha maior descoordinación, menor eficacia, maior falla de profesionalización duns traballos onde o perigo e o risco son unha constante.

Os traballos de prevención de lumes (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión de biomasa), non se realizan ao seu debido tempo, unha boa parte realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais.



Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xuño de cada ano.

No Pladiga faise referencia a accións dirixidas a poboación, entre outras “*accións sociolóxicas e de educación ambiental*”, pero atopámonos con que a maior parte das chamadas “Aulas Forestais” están pechadas.

Non hai campañas de formación/sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación escolar tampouco a cidadanía, un dos teóricos obxectivos que non se cumpren por que non hai vontade de levar adiante estas actuacións imprescindibles para mudar comportamentos “*non se valora o que non se coñece*”, se queremos cambiar determinadas pautas de comportamento e se queremos que se poñan en valor os ecosistemas forestais de Galicia, débense levar adiante campañas de educación e sensibilización para escolares e campañas de concienciación dirixidas ao resto da poboación e diferenciadas por grupos de poboación.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Entende a Xunta de Galicia que hai que modificar os mecanismos de prevención ante a aparición dos lumes de 6ª xeración?
2. Considera a reformulación nun dispositivo de prevención e extinción único, profesional quipado dependente da Xunta de Galicia?
3. Con canto persoal, do recollido no Pladiga, contaba o SPIF a 1 de xullo de 2022, por categorías profesionais e distribución territorial por distritos forestais?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia unha mellora na profesionalización e contra a temporalidade de tódalas brigadas contra incendios?
5. Sendo consciente a Xunta de Galicia da carencia de xefes de Brigada que impedían a formación de brigadas municipais, por que non tivo en conta esta circunstancia?
6. Cal foi o número de hectáreas queimadas en cada un dos grandes incendios, desglosándoa en hectáreas arboradas e rasas, así como que hectáreas arderon nos parques naturais afectados e en Rede Natura 2000?
7. Cales son as actuacións que ten previsto levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a erosión do terreo, a perda de solo e os arrastres os lumes coa consecuente afectación dos ecosistemas fluviais, nas zonas afectadas?
8. Cales son as accións que vai a levar a cabo a Xunta de Galicia para a posta en actividade da superficie agrogandeira e forestal no territorio galego?



9. Por que non desenrola a Xunta de Galicia unha xestión forestal sostible por xestor forestal e equilibrada no territorio?
10. Por que non se desenrolan máis accións sociolóxicas e de educación ambiental?
11. Por que están pechadas a maioría das aulas forestais?
12. Cal é o estado actual de execución, en materia de prevención de incendios forestais, correspondente o ano 2022?
13. Cal é a inversión en materia de contratación actual de medios de extinción de incendios forestais, correspondente o ano 2022?
14. Procede a Xunta de Galicia a petición de declaración de Zona Catastrófica a raíz dos incendios de xullo na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/07/2022 13:37:37

Martín Seco García na data 21/07/2022 13:37:47


Marina Ortega Otero na data 21/07/2022 13:37:57

Eduardo Ojea Arias na data 21/07/2022 13:38:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/07/2022 13:38:15

Patricia Otero Rodríguez na data 21/07/2022 13:38:25





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

